

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
Documento	Expediente	Fecha
CMG12I2GV	CON/74/2018	26-12-18 10:20

Número 44 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á adxudicación do contrato de arranxo de dous vehículos do servizo de Extinción de Incendios e Salvamento do concello de Santiago.

Destinatario

15078DCMG12I2GV#



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 21 de decembro de 2018, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

44 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE, CONVIVENCIA E INFORMÁTICA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE ARRANXO DE DOUS VEHÍCULOS DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO DO CONCELLO DE SANTIAGO.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia de 18.decembro.2018, así como do informe favorable con observacións da xefe de sección de Intervención de data 20.12.18, ao cal presta o seu conforme o interventor.

Na devandita proposta indícase o seguinte:

**"Xan Duro Fernández**, concelleiro delegado de convivencia, medio ambiente e informática, e presidente da mesa de contratación da licitación "Arranxo de dous vehículos do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Santiago de Compostela", consonte aos termos establecidos no artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de 2017, de contratos do sector público, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

**EXPÓN:**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG12I2GV	<i>Expediente</i> CON/74/2018	<i>Fecha</i> 26-12-18 10:20

Primeiro: Con data 4 de decembro de 2018, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador RICARSAT SL.

Segundo: Con data 18 de decembro seguinte, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa RICARSAT SL (CIF: B15902497), por un importe de **32.850 euros** (IVE aparte 21%: 6.898,50 euros), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Designase como técnico municipal responsable do contrato a D. Manuel Sanmartín Chao, oficial xefe do Servizo de Emerxencia e Extinción de Incendios

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 060 13600 21400."

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

Adxudicar o contrato de "arranxo de dous vehículos do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Santiago de Compostela", referencia a favor da empresa RICARSAT SL (CIF: B15902497), por un importe de 32.850 euros (IVE aparte 21%: 6.898,50 euros), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG12I2GV	<i>Expediente</i> CON/74/2018	<i>Fecha</i> 26-12-18 10:20

Designar como técnico municipal responsable do contrato a D. Manuel Sanmartín Chao, oficial xefe do Servizo de Emerxencia e Extinción de Incendios.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 060 13600 21400.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández



